



Concello de Vigo

DON MARCIAL GARCINUÑO SAEZ, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

CERTIFICO: Que o Pleno deste Excmo. Concello, en sesión do día 3 de xuño de 1996, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

19.- APROBACIONES DEFINITIVAS:

- A) Planeamento:
- e) Modificación Puntual do Estudio de Detalle da U.A. "Fraga".

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o día 8 de febreiro de 1996, aprobou inicialmente a modificación puntual do estudio de detalle da U.A. Fraga.

Durante o prazo sinalado no edicto da Alcaldía, publicado nos Boletíns Oficiais da Provincia núm. 50 e de Galicia núm. 73, correspondentes ós días 11 de marzo e 15 de abril de 1996, respectivamente, presentouse no rexistro auxiliar de urbanismo deste Concello unha alegación de D. José Angel López Veiga.

Con data 21 de maio de 1996, o arquitecto e o aparelador municipais, mailo asesor xurídico de Planeamento informan a devandita alegación do xeito que segue:

"ALEGANTE: D. José Angel López Veiga (Nova Olimpia, S.L.)
Nº DCTO.: 9677712

OBJECTO DA ALEGACION: Solicita que se manteñan os accesos previstos no estudio de detalle da UA Fraga aprobados definitivamente, por considerar imprescindible que polo menos exista un para vehículos e outro para peóns para acceder ó nivel da futura praza.

INFORME.

1. A presente modificación do ED da UE FRAGA garante o acceso público ó interior do patio de cuarteirón a crear, prevendo os correspondentes accesos desde as rúas que o delimitan, conserva o emprazamento e ancho da rampla actual entre a rúa García Barbón e o interior do cuarteirón e posibilita o acceso público e peonal ó mesmo neste tramo.

2. No acordo de aprobación definitiva do estudio de detalle que se modifica (Pleno do 28.05.92) estimouse a alegación presentada por D. José Angel López Veiga, en representación de "Nova Olimpia", consonte cos informes técnicos municipais nos que se manifestaba que a parcela descrita co núm. 2 debería quedar gravada "cunha servidume de paso a fin de mante-las medidas de seguridade da discoteca en cuestión". A xunta de compensación, pola súa banda, aclarou xa naquel intre que a propiedade desa finca coñecía a existencia de tal servidume (inscrita ademais no Rexistro da Propiedade) e que esta se mantería na futura edificación; sen que a modificación que se está a tramitar incida sobre este particular.



3. Verbo da correcta ou incorrecta utilización da servidume de paso constituída sobre un camiño de 6 m. de ancho e que conduce á entrada da discoteca (que se mantén), entendemos que é unha cuestión estritamente privada, a resolver entre os particulares afectados.

PROPOSTA: Desestima-la alegación presentada polos motivos expostos."

Visto o anterior, os técnicos informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O secretario xeral, con data 29 de maio de 1996, informa favorablemente a aprobación definitiva do expediente.

A comisión informativa de Urbanismo dictamina favorablemente a proposta dos técnicos de Planeamento.

VOTACION E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Desestima-la alegación presentada por D. José Angel López Veiga (dcto. 9677712) durante o período de exposición pública do expediente de modificación do estudo de detalle da UA "Fraga", polos motivos expostos no informe-proposta da oficina de Planeamento de 21.05.96 transcrito nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación do estudo de detalle da UA "Fraga", formulada pola xunta de compensación urbanizadora do ámbito e redactada polos arquitectos Sres. Fraga (D. Arturo e D. Eduardo), Jiménez, Davila e Meijide, con visado do COAG do 15.11.95, consonte cos informes e demais documentación do expediente administrativo municipal núm. 3849/411.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (CPTOPV) da Xunta de Galicia, no prazo de seis días a partir da súa adopción, de conformidade co previsto no artigo 30.3 da LASGA.

Cuarto.- Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP e notificalo ó alegante e ós interesados.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación, de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Vigo a once de xuño de mil novecentos noventa e seis.

Vº e Pr.
O Alcalde, **ACCTAL**



[Handwritten signature in blue ink]

[Handwritten signature in black ink]